

INSTRUCCIÓN Nº 3/2009, DA SECRETARÍA XERAL SOBRE REALIZACIÓN DE ESTUDOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS

O Real Decreto 285/2004, de 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, modificado polo Real Decreto 309/2005, de 18 de marzo, establece no seu artigo 17 a posibilidade de que a homologación dun título estranxeiro quede condicionada á previa superación polo interesado ou interesada duns requisitos formativos complementarios cando se detecten carencias na formación estranxeira en relación coa esixida para a obtención do título español co que se pretende homologar.

Ata a publicación dos indicados reais decretos, a normativa anterior unicamente previa a posibilidade de emendar devanditas carencias na formación a través da superación dunha proba de conxunto.

Estes Reais Decretos foron desenvolvidos pola Orde ECI/1519/2006 que establece os "requisitos formativos complementarios" previos á homologación dos títulos estranxeiros de educacións superior. A ampliación a catro anos para a superación dos requisitos formativos complementarios está regulada tamén na disposición adicional sétima do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

Pese ao tempo transcorrido dende a publicación dos Reais Decretos e a Orde citada, nalgúns Centros da USC aínda non se é consciente deste cambio, polo que se considera necesario lembrar a regulación na materia e o procedemento a seguir no caso de alumnos e alumnas que desexen realizar os estudos formativos complementarios na USC.

Por todo o anterior esta Secretaría Xeral dita a seguinte instrución:

Primeiro.- Efectos das resolucións de homologación

A resolución do procedemento de homologación de títulos estranxeiros pode outorgar:

- a) A homologación do título estranxeiro ao correspondente título español do Catálogo de títulos universitarios oficiais,
- b) Denegar a homologación solicitada ou
- c) Outorgar unha homologación condicionada á previa superación de requisitos formativos complementarios.

Neste último caso, a resolución deberá indicar de forma expresa as carencias de formación observadas que xustifiquen a esixencia de complementos de formación, así como os aspectos sobre os que os mesmos deberán versar.

A resolución de homologación ditada polo Ministerio de Educación debe establecer así a forma ou formas de superar as carencias detectadas e o alumno/a poderá elixir a universidade española que queira sempre que teña totalmente implantados os estudos aos que se refire a homologación, e dispón do prazo de catro anos dende a data de notificación da resolución para superar os requisitos sinalados. De non superar integramente os requisitos neste prazo a homologación perderá a súa eficacia e poderá solicitar a validación parcial dos seus estudos.

Segundo.- Requisitos formativos complementarios

A realización e superación destes requisitos complementarios substitúen ás probas de conxunto.

Os sistemas de realización dos requisitos formativos complementarios son::

- Proba de aptitude
- Período de prácticas
- Proxecto ou traballo
- Cursos tutelados

Cando a resolución estableza máis dunha opción será o/a alumno/a o que opte libremente. Esta opción pode modificarse manténdose o prazo de catro anos.

Terceiro.- Superación dos requisitos formativos complementarios mediante “Proba de aptitude”

A “Proba de aptitude” consistirá nun exame sobre os coñecementos académicos do solicitante referidos aos contidos formativos respecto dos que se identificaron deficiencias formativas.

Deberán realizarse polo menos dúas convocatorias anuais nos períodos que os centros estimen convenientes, que poderán coincidir ou non cos das convocatorias oficiais.

Deberá garantirse a debida publicidade das convocatorias das probas de aptitude, que se anunciarán cunha antelación de polo menos 30 días naturais á data da súa realización. Asemade deberán publicar, ao principio de cada curso académico, un programa único por cada unha das materias troncais ou contidos formativos comúns susceptibles de integrar o contido das referidas probas.

O tribunal estará constituído por cinco profesores doutores que impartan a súa ensinanza nas materias incluídas nas probas de aptitude designados polo Decanato ou pola Dirección do Centro. Os profesores deberán pertencer aos corpos docentes universitarios ou ser persoal contratado laboral con contrato indefinido nas categorías de axudante doutor ou contratado doutor. De non existir número suficiente de profesores que impartan ensino nestas materias poderá designarse a profesores da mesma área de coñecemento.

Os Centros deberán facer pública unha relación nominal coas cualificacións obtidas polos interesados que se expresarán en termos de «apto» ou «non apto». A partir da publicación de tales relacións, os solicitantes poderán formular as reclamacións que estimen oportunas, segundo o procedemento previsto no artigo 115.2 dos Estatutos da Universidade e no artigo 33 do Estatuto do Estudante e levarase a cabo de acordo co e procedemento establecido no artigo 3 da *Normativa para articular os procedementos extraordinarios de avaliación e a revisión de cualificacións* (Xunta de Goberno do 15-novembro-2001).

Cuarto.- Superación dos requisitos formativos complementarios mediante “período de prácticas”

O obxectivo do período de prácticas é conseguir que o/a titulado/a estranxeiro/a obteña unha formación integral que harmonice os coñecementos académicos cos aspectos prácticos da contorna profesional relacionado co título.

O período de prácticas desenvolverase con arranxo a un programa cuxa modalidade, duración e avaliación a determinará cada Centro.

As condicións de realización de ditas prácticas serán as mesmas que as establecidas para os seus respectivos alumnos e alumnas. En todo caso, a duración máxima do período de prácticas será de 500 horas.

Cando o período de prácticas se vai a desenvolver noutra empresa/entidade distinta da USC, dita entidade deberá ter convenio coa USC. Nos centros asistenciais, deberá existir un convenio específico ou ampararse polo Concerto USC-SERGAS.

A asignación previa, o seguimento e a valoración do período de prácticas realizarase conforme á Normativa de Prácticas en Empresas da USC. A estes efectos nomearase un/unha titor/a entre profesores co mesmo nivel de formación que a do titulado ou titulada estranxeiro. Cando o período de prácticas se desenvolva nunha empresa ou entidade distinta da USC, a entidade designará, ademais, un titor/a externo/a, responsable das prácticas, entre o persoal da entidade, que deberá posuír polo menos o mesmo nivel de formación que o titulado ou titulada estranxeiro.

Ao finalizar o período de prácticas a titulada ou titulado estranxeiro deberá entregar unha memoria ou traballo de elaboración propia. A valoración da memoria ou traballo á realizará o titor ou titora. No caso de ter realizado as prácticas nunha entidade distinta da USC a valoración da memoria será realizada por o titor ou titora da USC visto o informe do titor externo responsable das prácticas na entidade.

Quinto.- Superación dos requisitos formativos complementarios mediante a realización dun “proxecto ou traballo”

A superación dos requisitos formativos complementarios poderá levarse a cabo mediante a realización dun proxecto ou traballo que integre os contidos formativos comúns do título español respecto dos que se detectaron as correspondentes deficiencias. Desenvolverase baixo a tutela do Centro ao que libremente se dirixa o/a interesado/a sempre que teña totalmente implantados os estudos.

As normas aplicables serán as de establecidas para proxectos de fin de carreira ou para TAD.

O proxecto ou traballo deberá iniciarse e concluírse dentro dun mesmo curso académico. A súa valoración recibirá a cualificación de «apto» ou «non apto» e ao termo de cada curso académico o centro fará pública a relación nominal coas cualificacións obtidas.

Sexto.- Superación dos requisitos formativos complementarios mediante “Cursos tutelados”

Os centros poderán organizar cursos tutelados, de carácter individual ou colectivo, que integren os contidos formativos comúns aos que se condicionou a obtención da homologación dun título estranxeiro e designarán os profesores tutores para cada curso.

Se como consecuencia da implantación dos graos, as materias correspondentes aos cursos tutelados xa non tiveran docencia, o centro determinara as materias equivalentes na nova titulación nas que os interesados deberán recibir a docencia.

A duración do curso tutelado non será superior á dun curso académico.

As materias superadas polo titulado estranxeiro á finalización do curso non poderán volver a formar parte do contido dun novo curso tutelado na mesma ou distinta universidade á que se dirixa o interesado.

Cada Centro fará pública unha relación nominal coas cualificacións obtidas polos interesados na que se especificará, en cada caso, a mención «apto» ou «non apto» das materias que o integran. A partir da publicación de tales relacións, poderanse formular as reclamacións que se estimen oportunas, segundo o procedemento previsto no apartado terceiro desta Instrución.

Sétimo.- Colaboración do profesorado.

Será obriga do profesorado colaborar na realización dos requisitos formativos complementarios organizados polos Centros, sen prexuízo do seu recoñecemento conforme as normas establecidas.

Oitavo.- Procedemento de xestión

Unha vez ditada a resolución de homologación polo Ministerio, na que estableza unha ou varias posibilidades para a superación dos requisitos previos á homologación, o alumnado, se elixe a USC para a superación dos requisitos formativos complementarios procederá do seguinte xeito:

1.- Deberá presentar solicitude dirixida a USC con copia da resolución ditada polo Ministerio.

As solicitudes para realizar a proba de aptitude deberán presentarse nos prazos que se establezan na convocatoria de matrícula. Rematado o prazo de matrícula, a Unidade de Xestión Académica daralle traslado ao centro para que designe o tribunal e fixe a data para a realización da proba.

As solicitudes para realizar os cursos tutelados deberán presentarse antes de rematar o período ordinario de matrícula, aportando copia da resolución de homologación. No caso de que a resolución do Ministerio se ditara con posterioridade a esa data, poderá solicitarse a realización dos cursos tutelados correspondentes a materias do segundo cuatrimestre, coa obriga de matricularse no curso académico inmediatamente seguinte, no período ordinario de matrícula, nos cursos tutelados correspondentes a materias anuais e do primeiro cuatrimestre.

As solicitudes para realizar as prácticas e os proxectos/traballos poderán presentarse en calquera momento, pero a súa autorización estará condicionada á posibilidade ofertar as prácticas ou á realización do proxecto ou traballo dentro do curso académico.

2.- A solicitude do/a interesado/a para realizar cursos tutelados, prácticas ou proxectos/traballos será remitida ao Servizo de Xestión Académica, para que, previo informe do centro correspondente, resolva sobre a súa admisión. Na resolución indícaránselle os trámites que teña que realizar en función da opción elixida e, de selo caso, daráselle prazo para formalizar a matrícula na UXA correspondente.

3.- No informe o centro deberá indicar os titores ou directores designados, así como a información sobre as prácticas ou o proxecto ou traballo a realizar, segundo o tipo de requisito formativo solicitado polo/a interesado/a.

4.- Unha vez formalizada a matrícula na Unidade de Xestión Académica, correspóndelle a esta remitir ao centro a relación de alumnos matriculados e a documentación necesaria para a avaliación así como a anotación no expediente do/a alumno/a do resultado da mesma.

5.- Se o/a alumno/a supera integramente os requisitos formativos complementarios previos á homologación, procederase, a petición do interesado, a expedir a oportuna certificación acreditativa pola UXA correspondente.

6.- A expedición da certificación acreditativa pon fin ao procedemento na USC, correspondéndolle ao alumnado a acreditación da superación dos requisitos perante o Ministerio de Educación.

Noveno.- Prezos.

Os prezos pola realización de requisitos formativos complementarios serán os que fixe o Decreto de Prezos Públicos da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os cursos tutelados terán o número de créditos correspondentes ás materias equivalentes que figuran nos plans de estudo desta Universidade.

Décimo.- Actas .

A Secretaría Xeral fixará os modelos de actas que deberán ser semellantes aos modelos xa existentes, así como os modelos de certificación dos requisitos superados.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2009

A secretaria xeral



Isabel García-Rodeja Gayoso